

20/528 CONCURSO DE PROXECTOS PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO, PROXECTO ARQUEOLÓXICO, DIRECCIÓN DE OBRA, COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE E SEGUIMENTO ARQUEOLÓXICO DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE PEONALIZACIÓN E ADECUACIÓN DO CONTORNO DA RÚA DE SAN MARCOS. (Proxecto 09UR3101 URBAN Rúa de San Marcos). APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO, ASÍ COMO O GASTO E O PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 26 de xuño de 2009, na parte expositiva do cal se fai constar:

“ANTECEDENTES

- I. Bases que rexerán o concurso de proxectos para a redacción do proxecto, proxecto arqueolóxico, dirección de obra, coordinación en materia de seguridade e saúde e seguimento arqueolóxico durante a execución das obras de peonalización e adecuación do contorno da rúa de San Marcos. (proxecto 09ur3101 urban rúa de San Marcos) elaboradas pola directora do Proxecto URBAN dona Blanca Cañal García.
- II. Proposta da Concellería delegada da Área de Economía e Emprego do Concello en relación á convocatoria do concurso de referencia.
- III. Informe do Interventor xeral do Concello no que se fai constar, entre outros aspectos, a existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 3220.62709 do vixente Orzamento Xeral para o importe de 90.000 euros.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. O procedemento de referencia pode ser cualificado como un concurso de proxectos, que segundo se desprende do artigo 168 da LCSP, son aqueles procedementos encamiñados á obtención de planos ou proxectos, principalmente nos campos da arquitectura, o urbanismo, a enxeñería ou o procesamento de datos, a través dunha selección que, tras a correspondente licitación, se encomenda a un xurado.

As bases elaboradas para rexer o procedemento e a licitación recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén , con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto na LCSP e RXLCAP.

Segunda. A finalidade do concurso de proxectos -tal e como se fai constar nas bases- é a determinación dun gañador ó que se invitará a participar nun procedemento negociado que se tramitará para a adxudicación dun contrato de servizos, tal e como dispón o artigo 158 d) da LCSP.

Terceira. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndelles as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o CONCURSO DE PROXECTOS PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO, PROXECTO ARQUEOLÓXICO, DIRECCIÓN DE OBRA, COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE E SEGUIMENTO ARQUEOLÓXICO DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE PEONALIZACIÓN E ADECUACIÓN DO CONTORNO DA RÚA DE SAN MARCOS. (Proxecto 09UR3101 URBAN Rúa de San Marcos).

SEGUNDO.- Aprobar as bases que rexerán no concurso de referencia, do seguinte teor literal:

BASES QUE REXERÁN O CONCURSO DE PROXECTOS PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO, PROXECTO ARQUEOLÓXICO, DIRECCIÓN DE OBRA, COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE E SEGUIMENTO ARQUEOLÓXICO DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE PEONALIZACIÓN E

ADECUACIÓN DO CONTORNO DA RÚA DE SAN MARCOS. (Proxecto 09UR3101 URBAN Rúa de San Marcos).

Introdución

O Concello de Lugo está a xestionar un Proxecto URBAN (Iniciativa URBANA) que conta cun 70% de cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) da Unión Europea. No eixe de intervención denominado **MEDIOAMBIENTE URBANO E REDUCCIÓN E TRATAMENTO DE RESIDUOS** contempla a reurbanización e recuperación de espazos públicos como sobre o que se propón actuar.

1. OBXECTO DO CONCURSO

O obxecto das presentes Bases é definir o procedemento e as condicións técnicas ás que han de axustarse as ofertas para a selección do equipo de profesionais que realizará os traballos previos, a redacción do proxecto básico e de execución en misión completa (con todos os proxectos específicos) e o proxecto arqueolóxico, así como a dirección facultativa e de execución das obras ata a súa liquidación, o seguimento arqueolóxico das obras calquera que fose o seu alcance e a coordinación de seguridade e saúde durante a súa execución na actuación de reurbanización da rúa de San Marcos e todos os espazos libres e xardíns da parcela da Deputación.

2. TIPO DE CONCURSO E PREMIO

O procedemento que se seguirá será o dun concurso de proxectos en grao de anteprojecto que, tras a correspondente licitación, se encomenda a un Xurado. O equipo gañador proporase como adxudicatario dun contrato de servizos polo procedemento negociado sen publicidade conforme ao recollido no artigo 158 d) da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público para a realización dos traballos especificados no apartado 1 destas Bases.

3. CONCURSANTES

Poderanse presentar os equipos formados por profesionais competentes para asumir as funcións descritas no apartado 1 destas Bases. Necesariamente formarán parte do equipo tanto na fase de redacción coma na de seguimento da obra, persoas coa seguinte cualificación:

- Un/unha Enxeñeiro/a de Camiños, Canles e Portos.
- Un/unha Enxeñeiro/a Técnico Agrícola coa especialidade de xardinaría e
- Un/unha titulado/a en Arquitectura e/ou en Belas Artes a asistencia técnica dos cales se centrará na definición do deseño estético da praza

incluíndo as propostas sobre os locais e a fachada lateral, segundo o alcance da proposta.

O equipo de profesionais poderá presentarse como un grupo de persoas físicas e/ ou como membros dunha ou máis persoas xurídicas. Todos os traballos previos e o proxecto e control arqueolóxico correrán por conta do equipo técnico que os poderá contratar con terceiros.

4. DIRECTRICES BÁSICAS APLICABLES Á PRESENTACIÓN DO ANTEPROXECTO E REDACCIÓN POSTERIOR DO PROXECTO

A zona de actuación abrangue a rúa de San Marcos e os espazos sen construír da parcela de referencia catastral 7735801PH1673F0001MA propiedade da Deputación na que está situado o inmovible denominado 'Pazo Provincial' na rúa de San Marcos nº 8.

O Plan Especial de Protección e Reforma Interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia (PEPRI) formula unha proposta de peonalización para a rúa de San Marcos que permitirá a redefinición da súa sección coa supresión das beirarrúas e a formalización dun espazo continuo cun novo tratamento superficial así como a incorporación ao uso público do espazo axardinado situado ante o Pazo Provincial. O PEPRI sinala que é, non obstante, o Plan Integral de Mobilidade da cidade o que establecerá o carácter vinculante das propostas de regulación do sistema viario proposto. O documento para o Plan de Mobilidade Sostible de Lugo que está elaborando a Axencia de Ecoloxía Urbana de Barcelona só prevé para a rúa de San Marcos accesos de vehículos para residentes, comerciantes, emerxencias e os dirixidos aos garaxes da Deputación, facéndose todos pola rúa Bolaño Rivadeneira.

A teor do sinalado, a intervención que se propón consistirá na peonalización da rúa de San Marcos, a execución dunha praza fronte ao edificio da Deputación integrando na trama urbana as canellas laterais e a adecuación dos xardíns como zona de estanza e a súa inclusión no denominado paseo interior da Muralla dando acceso polos dous laterais xunto á Muralla.

Esta actuación incluírá a renovación das infraestruturas de abastecemento e saneamento, así como a instalación de iluminación pública soterrada, con renovación de luminarias. Ao finalizar as obras **quedarán soterrados os trazados actuais de cableados por fachada de todas as compañías subministradoras** admitíndose, excepcionalmente, o estritamente necesario para as derivacións de puntos de luz a fachadas, en caso de que estas fosen precisas.

Proporase igualmente unha intervención sobre os locais comerciais e a fachada da parcela catastral 7834201 aínda que non se executarán con esta intervención.

Con carácter xeral teranse en conta as seguintes recomendacións de intervención sinaladas polo PEPRI que, tal como sinala o mesmo documento, teñen un nivel indicativo:

1. Readequación da rasante da praza da Deputación rebaixándoa e igualándoa coa da rúa de San Marcos, unificando o espazo.
2. Implantación dun pavimento pétreo a base de lousa de granito ou similar, estendéndoo a toda a rúa de San Marcos e praza da Deputación; ampliación da escaleira de acceso ao Pazo da Deputación Provincial e supresión dos estanques existentes.
3. Reelaboración dos parterres existentes e implantación de arboredo e elementos de amoblamento urbano.

Teranse en conta ademais os seguintes criterios:

- **Praza:** configurarase unha praza no espazo rectangular comprendido entre a fachada da Deputación, as fachadas de San Marcos fronte á Deputación e os laterais formados polos bloques das parcelas catastrais 7834201, 7735301 e 7735302 unificando todo este espazo que se deseñará tendo en conta as seguintes indicacións:

- A ordenación desta área acompañarase de aliñacións de arboredo segundo se indica en planos de ordenación do PEPRI.
- Pódese utilizar a auga como elemento no deseño da praza sempre que teña xustificación estética (tamén con mecanismos apagados) achegando un contorno agradable mesmo nas condicións climatolóxicas máis desfavorables a través de, se fose necesario, variantes no seu funcionamento. Non terá un protagonismo central nin excesivo nin solucións baseadas en estanques.
- Recolocaranse os colectores soterrados.
- Proporase un tratamento estético á fachada do edificio lateral da parcela catastral 7834201 **que se valorará de forma independente ao presuposto da obra** xa que, no seu caso, o executaría a propiedade.
- Co fin de promover a recuperación da calidade ambiental deste contorno, proporase igualmente a readecuación das fachadas dos locais comerciais para axustar a cartelería e outros aspectos destas ás prescricións sinaladas no PEPRI, dando a todos unha formulación harmónica co conxunto da nova praza, conscientes da importancia do bo funcionamento dos locais para a vida do contorno e tratando de evitar un impacto excesivo de diversos elementos sobre os edificios, intentando prescindir dos rótulos en bandeirola. **Estas actuacións valoraranse de forma independente ao presuposto da obra.**
- Preveranse espazos para que se poidan autorizar terrazas aos establecementos de hostalaría. O Bando municipal sobre o mobiliario das

terrazas de hostalaría publicado no Boletín da Provincia de Lugo do 6 de maio de 2009 recolle que o concello pode aprobar zonas diferenciadas nas que se sinala un mobiliario específico. Atendendo a esta posibilidade, propóranse uns modelos alternativos a todos os elementos do mobiliario das terrazas de hostalaría para esta praza. **Este mobiliario valorarase de forma independente ao presuposto da obra.**

As intervencións sobre as fachadas, locais (incluídos rótulos e toldos propostos), axustaranse ao sinalado no documento do PEPRI dispoñible en www.lugo.es/urban. Tamén se terá en consideración o establecido no citado Bando sobre as terrazas de hostalaría.

- **Xardíns:** acondicionaranse os xardíns situados entre o edificio da Deputación e a Muralla, co fin de obter unha zona de estancia de acceso público e paseo xunto ao trazado da Muralla. A actuación sobre estes será absolutamente respectuosa coas árbores existentes, manterá o trazado de camiños en dirección aos garaxes e incluírá a instalación de rego. Unha vez realizadas as obras, estes xardíns permanecerán abertos ao uso público durante o día e pecharanse unicamente no horario nocturno que se determine e se mostre na entrada. Para o correcto tránsito das persoas por un paseo xunto á Muralla, conservarase a entrada existente na canella que linda coa mazá catastral 77353 (tamén de acceso para vehículos cara aos garaxes) e construírase outra entrada xunto á Muralla que comunique os xardíns coa Canella da Deputación.

- **As canellas** que parten da rúa de San Marcos ata a Muralla serán de uso público e quedarán totalmente integrados na trama urbana. Defínirase a comunicación entre a Canella da Deputación e os espazos libres da parcela catastral 7834204 (onde na actualidade hai un muro) dando continuidade ao paseo xunto á Muralla. A solución que se deseñe non afectará aos terreos da comunidade de propietarios máis que no actual muro, actuando unicamente sobre os terreos públicos para resolver as diferenzas de cotas e deberá ser aprobada pola comunidade de propietarios da devandita parcela, trámites que se realizarán na fase de redacción do proxecto a partir da idea presentada no anteproxecto. Os redactores incorporarán a solución que finalmente se adopte dende o Concello na súa negociación cos veciños.

- **Acceso de vehículos á rúa de San Marcos:** a limitación do paso é posible realizala mediante un bolardo retráctil como os instalados noutras rúas da cidade ou por dispositivos de control mediante o recoñecemento de matrículas. O documento para o Plan de Mobilidade Sostible no que se traballa non considera o paso de autobuses por esta rúa.

En aplicación dos principios de igualdade e protección do medioambiente, deberá prestarse especial atención ao cumprimento da Lei 8/1997, do 20 de

agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o seu regulamento, a Ordenanza municipal de supresión de barreiras arquitectónicas e a normativa e principios de aforro enerxético.

O PRESUPUESTO TOTAL DE CONTRATA DE OBRAS das propostas presentadas non

excederá a cantidade de **1.422.413,79 €** incluíndo todos os gastos salvo o IVE, (1.650.000,00 € incluíndo IVE). Tal como se sinalou na descrición da praza, as propostas para as intervencións sobre a fachada do edificio sinalado, os locais comerciais e o mobiliario para as terrazas non se incluírán neste presuposto.

O importe da oferta económica do equipo técnico para realizar o conxunto dos traballos descritos no apartado 1 desas Bases será como máximo de **77.586,21 €** incluíndo todos os gastos e impostos de calquera tipo salvo o IVE (90.000 € con IVE), sen que caiba revisión de prezos en ningún caso.

5. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS CONCURSANTES

Os equipos de profesionais que desexen participar neste concurso presentarán unha única embalaxe debidamente pechada e lacrada no exterior da cal figure exclusivamente o LEMA e o título ‘CONCURSO DE IDEAS RÚA SAN MARCOS’ que conterá tres sobres coa seguinte documentación:

SOBRE 1: Sobre pechado e lacrado no exterior do cal figure unicamente:

‘SOBRE 1’

‘CONCURSO DE IDEAS RÚA SAN MARCOS’

‘LEMA’ (expresión identificativa do equipo)

‘Documentación administrativa’

Contido do SOBRE 1 (apartados A, B e C):

A. Solicitude de participación segundo modelo (Anexo I).

B. Documentación relativa á capacidade e solvencia dos licitadores.

B.1. Documentos acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:

a) DNI do concursante, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no correspondente rexistro. No caso de concorrer varias persoas físicas ou xurídicas deberán presentar DNI de cada un deles ou escrituras de constitución, no seu caso.

b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado pola asesoría xurídica do Concello ou por funcionarios do servizo de contratación do Concello habilitados ao efecto. Para isto, presentarse orixinal e fotocopia nas oficinas de Contratación do Excmo. Concello de Lugo, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres e abonarase a correspondente taxa (9,70 euros aprox), podendo facerse directamente ou a través dun servizo de mensaxería. Se a empresa fose

persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

B.2. A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto deste contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do devandito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

B.3. Outras declaracións:

- Declaración responsable de cada un dos membros que, se é o caso, constitúen o equipo, na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 49 da Lei de Contratos do Sector Público e de que se atopa ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios -incluídos tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostos polas disposicións vixentes sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento dos deberes tributarios pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria e dos deberes de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesouraría xeral da Seguridade Social.

- Declaración responsable de cada un dos membros que, se é o caso, constitúen o equipo de que non se atopan en circunstancia que lles impida participar (artigo 49 da Lei de Contratos do Sector Público). Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado

respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento dos deberes tributarios pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria e o Concello de Lugo, respectivamente segundo se trate de tributos estatais ou municipais e dos deberes de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesouraría xeral da Seguridade Social.

- Presentación da alta e, no seu caso, do último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou pola xefa do negociado de rexistro deste Excmo. Concello.

En caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que achegar a seguinte:

- Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

- Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidad no tráfico local.

- Informe de representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade ao que se refire o artigo 44.1 de Lei de Contratos de Sector Público.

- Declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

B.4 A xustificación da solvencia técnica deberá acreditarse polos medios seguintes:

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, destes. Os servizos ou traballos efectuados (xa finalizados) acreditaranse mediante

certificados expedidos ou visados polo colexio profesional correspondente, polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

b) Títulos habilitantes para exercer a profesión de cada un dos profesionais que forman parte do equipo segundo a relación que figura no modelo de solicitude de participación (Anexo I).

c) Indicación da parte do contrato que o equipo ten propósito de subcontratar.

A. Se os profesionais non actúan como membros dunha única persoa xurídica e polo tanto o Concello debería aboar honorarios a máis dunha persoa (físicas e/ou xurídicas), presentárase o modelo do Anexo II cunha distribución das porcentaxes de honorarios de cada persoa do equipo en cada unha das fases, tendo en conta que se valorarán nun 55% da proposta económica os traballos da fase de redacción (dende o inicio dos traballos ata a presentación de toda a documentación sinalada no punto 11.1 destas Bases) e nun 45% os da fase de execución (traballos especificados no punto 11.2 de preparación e execución da obra ata a súa posta en funcionamento) incluíndo todos os pagamentos que teñan que facer por contratos con terceiros.

SOBRE 2: Sobre pechado e lacrado no exterior do cal figure unicamente:

‘SOBRE 2’

‘CONCURSO DE IDEAS RÚA SAN MARCOS’

‘LEMA’ (expresión identificativa do equipo)

‘Documentación do anteproxecto’

Contido do SOBRE 2 (apartados A, B e C):

A. Un máximo de **catro** soportes ríxidos de tamaño DIN A1. Neles figurará suficiente detalle de deseño xeral e elementos singulares a través de planos, esbozos e bosquexos á escala máis adecuada para facilitar a súa comprensión de:

- A solución achegada ao deseño da praza.
- O modo no que se resolve a zona de confluencia entre os xardíns, a Canella dá Deputación e o espazo libre da parcela catastral 7834204.
- O tratamento dos xardíns, da fachada do edificio lateral (parcela catastral 7834201) e dos locais comerciais.
- O mobiliario urbano e todos os elementos do mobiliario que se podería destinar ás terrazas de hostalaría.

B. Un dossier en formato A3 (CATRO COPIAS) que conteña:

- Unha páxina coa reprodución de cada panel presentado.
- Un **máximo de catro páxinas** coa seguinte información:
 - Memoria xustificativa da solución adoptada xustificando o cumprimento da normativa de aplicación, así como de acabados e materiais a empregar e calquera outra información para a perfecta

comprensión da proposta que estime o equipo concursante. Conterá un **apartado específico** no que se reflectan todos os modos nos que se aplicarán os principios de igualdade de oportunidades (accesibilidade: deseño xeral, materiais utilizados, características do mobiliario urbano) e protección do medioambiente, distinguindo entre as de obrigado cumprimento e as que van máis alá desa obriga legal.

- O prazo de execución das obras.

- Un presuposto de execución material **analizado por capítulos** ao que se lle engadirán o resto dos custos axustándose ao seguinte esquema (recórdase que neste importe non hai que incluír o custo da intervención proposta sobre a fachada lateral, os locais comerciais e o mobiliario de terrazas):

A: Presuposto de execución material (PEM)	€
B: Gastos xerais (13% de A)	€
C: Beneficio industrial (6% de A)	€
D: Base imponible (A + B + C)	€
E: IVE (16% de D)	€
F: Importe final (D + E)	€

C. Un CD con toda a documentación anterior dixitalizada en formato PDF e DWG.

SOBRE 3: Sobre pechado e lacrado no exterior do cal figure unicamente:

‘SOBRE 3’

‘CONCURSO DE IDEAS RÚA SAN MARCOS’

‘LEMA’ (expresión identificativa do equipo)

‘Oferta económica’

Contido do SOBRE 3:

Oferta económica (sen ningún dato identificativo) para a realización dos traballos relacionados no apartado 1 destas Bases que, no seu caso, serían obxecto de contrato co equipo concursante, tendo en conta que o seu importe máximo é de 77.586,21 € incluíndo todos os gastos e impostos de calquera tipo salvo o IVE (90.000 € con IVE), sen que caiba revisión de prezos en ningún caso.

Calquera dato, logotipo, símbolo ou nome que figure no exterior distinto ao sinalado nestas Bases como calquera outro dato na documentación dos SOBRES 2 ou 3 que a xuízo do xurado faga perder a confidencialidade da proposta, terá como consecuencia a exclusión da mesma.

6. COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DO XURADO

O Xurado, a teor do sinalado no artigo 172 da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público estará composto por:

- O Alcalde de Lugo ou persoa en quen delegue, que o presidirá
- O concelleiro de Infraestruturas ou persoa en quen delegue
- Un/unha representante do grupo municipal do Partido Popular
- Un/unha representante do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego
- O Presidente da Deputación ou persoa en quen delegue
- O Interventor municipal ou persoa en quen delegue
- O xefe da asesoría xurídica ou persoa en quen delegue
- Un/unha representante dos comerciantes e hostaleiros da rúa de San Marcos
- Un/unha representante das asociacións de Lugo que traballan pola accesibilidade
- Un/unha enxeñeiro/a técnico/a agrícola de Parques e Xardíns do Concello de Lugo
- Un/unha licenciado/a en Belas Artes da Facultade de Belas Artes de Pontevedra
- Un/unha enxeñeiro/a técnico/a do Servizo de Infraestruturas da Deputación de Lugo
- Un/unha arquitecto/a municipal
- Un/unha enxeñeiro/a municipal
- A directora do Proxecto URBAN (Iniciativa URBANA)

Actuará como secretario con voz pero sen voto un funcionario do servizo de contratación. O Xurado quedará validamente constituído coa presenza de nove dos seus membros sempre que se cumpra que polo menos un terzo sexan técnicos coas especialidades que se requiren para concursar. No caso de disparidade de criterios, a resolución do xurado será consecuencia da correspondente votación, decidida -no seu caso- pola maioría simple dos votos emitidos, tendo a Presidencia voto de calidade para os supostos de empate.

Os concursantes, polo feito de participar no concurso, aceptan estas Bases, así como os acordos e a resolución do xurado. Todas as decisións do Xurado serán irrevogables, definitivas e inapelables e recolleranse nunha Acta asinada por todos os seus compoñentes. Aqueles aspectos que puidesen non estar previstos nas presentes Bases serán resoltos polo Xurado que estará facultado igualmente, para a súa interpretación, gozando os seus acordos da presunción de interpretación auténtica destas.

7. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS. ANONIMATO

O prazo de presentación da documentación para a súa admisión e valoración en fase de concurso será de **CORENTA DÍAS** naturais dende a publicación da convocatoria do concurso no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O lugar de presentación será unicamente o Rexistro Xeral do Concello de Lugo, sito en Rolda da Muralla núm. 197, 27001 Lugo, de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas, para garantir o anonimato dos concursantes e considerando o deber xeral de identificar aos asinantes dos escritos presentados en rexistros públicos.

No caso de entregar a documentación utilizando un servizo de mensaxería, será imprescindible aclarar cos responsables da entrega no Rexistro que non debe figurar nesas sobres ou paquetes ningún selo ou ficha adhesiva do servizo co nome do remitente, identificación do lugar de orixe ou calquera outro dato que permita obter a súa posible identidade.

O depósito no Rexistro Xeral do Concello de Lugo se realizará consignando o LEMA, sen necesidade de ningún outro dato. A persoa encargada do Rexistro certificará o día e hora da recepción.

Quedarán excluídas aquelas propostas que se presenten fóra de prazo ou vulneren o requisito do anonimato.

8. CRITERIOS DE SELECCIÓN DA PROPOSTA

Os criterios para valorar as propostas serán os seguintes:

PRIMEIRO. - MEMORIA, ANTEPROXECTO, ESBOZOS E BOSQUEXOS da proposta de deseño incluíndo elementos singulares e xustificación de cumprimento da normativa de aplicación. Será necesario que a proposta cubra todos os aspectos sinalados neste criterio de valoración e que obteña unha puntuación mínima de 50 puntos, no caso contrario rexeitarase a proposta. Puntuación máxima: 80 puntos coa seguinte desagregación:

- Solución proposta para a praza e integración das canellas valorando o funcionamento xeral do espazo, a variedade e convivencia dos distintos espazos de relación creados, a calidade dos materiais utilizados, o deseño do mobiliario, a calidade estética do conxunto e o mantemento que esixirá: 40 puntos.

- Solución proposta para os xardíns valorando a súa capacidade para resolver de forma harmónica os usos propostos (zona de estanza e paseo interior da muralla), a calidade estética, o mantemento que esixirá; a comunicación coas canellas e a comunidade de propietarios lindante, valorando especialmente a sinxeleza e a calidade estética: 20 puntos.

- Proposta de readecuación de locais comerciais e fachada lateral valorando a harmonía do conxunto e a combinación das finalidades perseguidas de visualización do negocio coa limitación do impacto de elementos como a cartelería sobre os edificios: 10 puntos.
- Medidas adoptadas para garantir a máxima accesibilidade ás persoas con mobilidade reducida e o aforro enerxético. Non se terán en conta para a súa valoración os aspectos de obrigado cumprimento: 10 puntos.

SEGUNDO. - OFERTA ECONÓMICA. Puntuación máxima: 20 puntos.

As propostas valoraranse aplicando a seguinte fórmula:

$20 \times \frac{OMB}{O}$ sendo:

O

OMB = Oferta económica máis baixa.

O = Oferta económica que se avalía.

9. VALORACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONCURSO POLO XURADO

O Xurado procederá á apertura do SOBRE 2 e valorará as propostas recibidas, recollendo o fallo razoado e motivado en función das puntuacións outorgadas aos anteproxectos conforme aos criterios sinalados no apartado 8. Unha vez finalizada esta valoración que se recollerá nunha Acta previa, abrirase o SOBRE 3 en acto público para realizar a valoración da oferta económica. Exporase no taboleiro de anuncios do Concello de Lugo e na web municipal, o lugar, data e hora na que terá lugar o acto público cunha antelación mínima de cinco días naturais.

Como a finalidade deste concurso é a contratación dos servizos indicados no apartado 1 destas Bases coa administración pública, o Xurado comprobará de forma previa á declaración do gañador a capacidade e solvencia para contratar do equipo mellor puntuado coa apertura e o exame do SOBRE 1.

A Acta final asinada por todos os integrantes coa proclamación do gañador (equipo mellor puntuado con capacidade e solvencia para contratar) será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Lugo e na web municipal (www.lugo.es). O Xurado poderá declarar deserto o concurso atendendo á calidade dos traballos ou propoñer melloras ou cambios aos proxectos presentados.

10. CONTRATO DE SERVIZOS COMO CONSECUCENCIA DO CONCURSO DE PROXECTOS

En virtude do artigo 158 d) da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, invitarase ao equipo gañador ao procedemento negociado para o contrato de servizos consistente nos traballos descritos no apartado 1 destas Bases. No caso

en que este retirase a súa proposta, o órgano de contratación dispón das seguintes facultades:

1. Invitar ao procedemento negociado ao concursante que obtivese a segunda mellor puntuación e, no seu caso, a terceira ou sucesivas.
2. Por ser a administración, en virtude do establecido polo apartado 15 destas Bases, propietaria do anteproxecto e de tanta documentación presentou o gañador, poderá licitar a redacción do proxecto básico e de execución, tomando como base o anteproxecto declarado gañador de concurso, e a ulterior dirección das obras.

11. ALCANCE DOS TRABALLOS A CONTRATAR

A realización dos traballos axustarase estritamente en canto a requisitos, contidos, documentación e normativa, ás disposicións establecidas a tal efecto na Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, o Real Decreto 1098/2001 Regulamento da Lei de Contratos das administracións públicas e demais normativa aplicable con especial mención ao Real Decreto 1627/1997 sobre 'Disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción' no que se refire ao Estudio de Seguridade e Saúde, **así como a calquera outra normativa de obrigado cumprimento que lle fose de aplicación.**

11.1. REDACCIÓN DO PROXECTO E PROXECTO ARQUEOLÓXICO. De forma previa á redacción do proxecto realizaranse todos os estudos necesarios e solicitarase das entidades que corresponda a información necesaria para ter un coñecemento previo e exacto dos servizos afectados na execución da obra proxectada.

O proxecto conterá todos os documentos sinalados no artigo 107.1 da Lei 30/2007 de Contratos do sector público e no Real Decreto 1098/2001 Regulamento da Lei de Contratos das administracións públicas contando co suficiente nivel de detalle en memoria e planos para a completa definición do proxecto, a xustificación da normativa, a perfecta definición das solucións construtivas, os materiais cos seus acabados, cores, etc.

Entregaranse catro copias completas de toda a documentación (agás do proxecto arqueolóxico que se entregarán tres copias máis) debidamente encarpetadas e en caixas que aloxen o conxunto de documentos. Así mesmo se entregará toda a documentación en soporte informático (PDF e DWG).

Outra documentación que se entregará con cada unha das catro copias do proxecto e proxecto arqueolóxico:

- Os estudos previos realizados.

- A documentación xerada nas consultas ás empresas titulares relativa aos servizos existentes no subsolo que se verán afectados coas respostas achegadas por estas.

- A proposta de intervención sobre a fachada da parcela catastral 7834201 a nivel de proxecto asinada por técnico competente.

- As propostas de intervención para cada un dos locais comerciais que se describirán e valorarán co detalle que se esixe nas Bases de axudas a locais de negocio da zona URBAN publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 26 de marzo de 2009 para que sobre elas os titulares dos negocios poidan solicitar presupostos para presentar as solicitudes de axudas. Consensuaranse cos titulares dos locais de negocio aínda que para eles non suporá a obriga de realizar a posteriori ningunha actuación salvo o cumprimento da normativa vixente que lles sexa de aplicación. Os comerciantes e hostaleiros da rúa designarán un representante que será quen facilite a comunicación entre este colectivo e o equipo redactor.

11.2. DIRECCIÓN TÉCNICA DA OBRA, SEGUIMENTO ARQUEOLÓXICO E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS.

Comprenderá o conxunto de actividades necesarias e suficientes de Dirección técnica e de execución da obra completa e coordinación de seguridade e saúde, así como o seu seguimento arqueolóxico. A dirección técnica asumirá e se responsabilizará, mesmo no non previsto no proxecto, das seguintes actividades na execución da obra:

- Programación e coordinación dos traballos.
- Inspección e control.
- Certificacións mensuais e liquidación de obras.
- Informe e proposta de aprobación do coordinador en materia de seguridade e saúde sobre o Plan de Seguridade.
- Control e seguimento arqueolóxico a pé de obra de todos os movementos de terra e, no seu caso, toma de datos dos restos achados así como os informes preceptivos que se deriven da intervención.
- Coordinación en materia de seguridade e saúde e control e seguimento do devandito Plan.
- A tramitación das autorizacións necesarias ante outras administracións e empresas afectadas ata a posta en funcionamento.

12. PRAZO PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO

O prazo para a realización dos traballos previos e a redacción do proxecto e proxecto arqueolóxico será de **DOUS MESES** a contar dende a sinatura do contrato que resulte da adxudicación do procedemento negociado.

13. SUPERVISIÓN DO PROXECTO E DA EXECUCIÓN DA OBRA

Todos os traballos e documentación a elaborar polo equipo seleccionado se someterán á supervisión e, no seu caso, aprobación do Concello de Lugo. Na fase de redacción estableceranse as reunións que se consideren convenientes tanto por parte da persoa coordinadora do equipo redactor como do Concello para a correcta execución dos traballos.

14. MODIFICACIÓNS SOBRE A PROPOSTA E O PROXECTO

O equipo redactor está obrigado, sen percibir novos honorarios, a asumir as adaptacións da idea presentada e as modificacións do proxecto, mesmo unha vez aprobado, sexa cal sexa o seu motivo, como por exemplo:

- Suxestións que realice o Xurado e que inclúa na Acta na que se proclama o gañador que se terán en conta na redacción do proxecto.
- Novas indicacións ou variacións como consecuencia do procedemento de aprobación do documento final de Plan de Mobilidade Sostible que non estean nos documentos actuais de traballo e que polo tanto non están incorporadas nestas bases que se terán igualmente en conta na redacción ou adaptación do proxecto.
- A incorporación da solución que o Concello acorde coa comunidade de propietarios da parcela lindante a partir da proposta realizada polo equipo gañador. Poderíase solicitar ao equipo redactor non incluír (ou retirar) a intervención sobre esta zona no proxecto se non se chega a un acordo satisfactorio para o Concello.
- Outras adaptacións que o Concello considere necesarias **mesmo** durante a execución da obra, mesmo se supoñen un maior importe económico desta.

15. PROPIEDAD DOS TRABALLOS E DEREITOS DAS PARTES

O Concello de Lugo poderá utilizar as ideas de todas as propostas. Os concursantes cederán os dereitos de explotación, incluídas a súa reprodución, distribución e comunicación pública ao Concello de Lugo, segundo o disposto na lexislación da Propiedade Intelectual e comprométense a non divulgar as súas propostas antes da resolución do xurado. A documentación correspondente ao traballo gañador, pasará a ser propiedade do Concello de Lugo. Os seus autores comprométense a facer referencia ao órgano convocante do concurso, en calquera publicación posterior na que apareza a súa proposta. O Concello de Lugo, tras dar a coñecer o gañador do concurso, poderá organizar unha

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 09x290200528.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-7-2009

exposición e publicar os traballos presentados, sen autorización previa dos autores.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 90.000 euros con cargo á partida 3220.62709 do vixente Orzamento xeral.

CUARTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.